



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que este IGVS formalizou co Concello de Outeiro de Rei o instrumento convencional arriba referido con un prazo de execución que abrangue desde a súa sinatura e rematará na data en que se produza a reposición efectiva das cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (no sucesivo, Fondo de cooperación) da actuación consistente na adquisición de inmovible na parroquia de Pías para conversión en casa cultural.

O IGVS comprométese a financiar a actuación descrita anteriormente transferindo os fondos establecidos no convenio ao concello.

O concello asinante deste convenio deberá destinar as cantidades aboadas con cargo ao Fondo de cooperación á execución da actuación obxecto de financiamento, e a repoñer a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de oito (8) anos, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do convenio, mediante o ingreso dos importes previstos no mesmo.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

I.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución da presidenta do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

II.- O procedemento de acceso ao Fondo de cooperación foi convocado, para a anualidade de 2019, mediante a Resolución da Presidencia do IGVS do 14 de xuño de 2019 e, en virtude de resolución da Dirección Xeral do IGVS do 21 de outubro de 2019, aprobouse a solicitude formulada polo concello asinante deste convenio para o acceso ao Fondo de cooperación, a cal deberá materializarse mediante a sinatura do correspondente convenio de financiamento.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria.

